

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/26	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de xullo de 2025
Duración	Dende as 11:51 ata as 12:33 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 07.07.2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 07 de xullo de 2025.

Expediente 86/2025. OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA ANO 2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións culturais do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 23 de xuño de 2025, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deporte; Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 13 de febreiro de 2025 (convocatoria do 1 de abril de 2025, BOP de Pontevedra número 62), e que se transcribe a continuación:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN	CANTIDADE PROPOSTA
Asociación Feiral Semana Verde	17	1.238,94 €
Asociación O Cruceiro de Breixa	13	970,95 €**
Asociación Amigos da Banda de Música de Silleda	22	1.500,00 €
Asociación Cultural Vista Alegre	42	3.427,70 €
Asociación Cultural Xirandola	28	3.175,90 €*
Asociación Cultural O Son da Fervenza	14	937,95 €
Coro Vales Mahía	15	2.004,95 €*
Coral Polifónica Trasdeza	19	2.947,93 €*
Asociación Festibandeira	11	736,96 €
Asociación Cultural e Musical Gaiteiros da Pereiriña	11	736,96 €
Asociación Cultural Festa dos Callos	12	803,96 €
Asociación Unidad de Pais Azuis do Deza	20	900,00 €
Asociación Coto do Castelo	18	1.205,93 €
Mulleres Rurais Santa Isabel	13	870,95 €
Asociación ANPA Raparigos	23	1.540,92 €

TOTAL:	23.000,00 €
--------	-------------

*Entidades culturais con necesidade de contar cun/ha director/a de grupo de baile/coro ás que se lle engade a cantidade mensual correspondente establecida nas bases.

**Entidades culturais as cales incrementáse a subvención por cada tramo de 20 anos de actividade continuada en 100,00 €

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro do 2025 para xustificar as axudas outorgadas e da documentación necesaria para facelo.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

CUARTO. Os colectivos deberán ter en conta que á hora de xustificar, ademais da documentación habitual, que deberase entregar conforme ás bases desta convocatoria, unha memoria fotográfica das actividades realizadas, que debe corresponderse coa memoria de actividades presentada na solicitude. No caso de non presentar esta memoria a subvención verase minorada.

Expediente 87/2025. OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DE PARTICIPACIÓN SOCIAL E/OU VECIÑAL. AÑO 2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións veciñais e/ou entidades de participación social do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 30 de xuño de 2025, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes; Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 13 de febreiro de 2025 (convocatoria do 1 de abril de 2025, BOP de Pontevedra número 62), e que

Concello de Silleda

segue de seguinte xeito:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN	CANTIDADE PROPOSTA
A Costa de Abades	13	782,50 €*
AVEMA	11	577,50 €
Copa do Castro	18	1.045,00 €*
San Miguel de Siador	15	787,50 €
Anpa Musiquiños	20	1.050,00 €
AAVV de Parada	16	940,00 €
AAVV Santiago Apóstol de Taboada	13	782,50 €*
AAVV San Miguel de Lamela	20	1.150,00 €*
Anpa Brincadeira	18	945,00 €
Avecuco Cortegada	13	682,50 €
AAVV Vilar de Trasdeza	16	940,00 €
AAVV San Martiño de Negreiros	14	735,00 €
Axouxere de Fiestras	13	682,50 €
TOTAL:		11.100,00 €

*Entidades Veciñais as cales incrementase a subvención por cada tramo de 20 anos de actividade continuada en 100,00 €

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO: Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

CUARTO. Os colectivos deberán ter en conta que á hora de xustificar, ademais da documentación

habitual, que deberase entregar conforme ás bases desta convocatoria, unha memoria fotográfica das actividades realizadas, que debe corresponderse coa memoria de actividades presentada na solicitude. No caso de non presentar esta memoria a subvención verase minorada.

Expediente 88/2025. OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a entidades deportivas do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 2 de xullo de 2025, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes; Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura, Turismo e Deporte e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos clubs solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 13 de febreiro de 2025 (convocatoria do 1 de abril de 2025, BOP de Pontevedra número 67), e que se transcribe a continuación:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN	CANTIDADE PROPOSTA
CLUB DE AMIGOS DE FÚTBOL DE SILLEDA (CAF)	12	800,00 €
ESCOLA DE FÚTBOL DE SILLEDA	69	6.749,07 €
SD CLUB DE FÚTBOL SILLEDA	32	3.151,86 €
CLUBE PETANCA DE BANDEIRA	33	3.249,07 €
SOCIEDADE DE CAZA, PESCA E TIRO DE SILLEDA	30	2.957,41 €
BTT TRASDEZA	21	2.082,41 €
SD BANDEIRA CLUB DE FUTBOL	75	7.332,41 €
RG BIKES SCOTT TEAM	17	1.693,52 €
CLUB DE FÚTBOL LAMELA	33	3.249,07 €
SPD DEZA PÁDEL 2019	38	3.735,18 €
TOTAL:		35.000,00 €

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na

resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas ás entidades solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 341.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar ás entidades beneficiarias a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

CUARTO. Os colectivos deberán ter en conta que á hora de xustificar, ademais da documentación habitual, que deberase entregar conforme ás bases desta convocatoria, unha memoria fotográfica das actividades realizadas, que debe corresponderse coa memoria de actividades presentada na solicitude. No caso de non presentar esta memoria a subvención verase minorada.

Expediente 1161/2024. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DA UDC.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Universidade da Coruña (UDC) subscribiron un convenio marco de colaboración co obxectivo de facilitar a realización de prácticas académicas externas —curriculares e extracurriculares— por parte do alumnado da UDC nas entidades locais asociadas á FEGAMP.

En virtude do disposto na cláusula terceira do citado convenio, que recolle a posibilidade de que as entidades locais se adhiran mediante a sinatura do documento de adhesión (Anexo II), propónse a formalización da adhesión do Concello de Silleda.

A dita adhesión permitirá á nosa entidade colaborar na formación práctica do estudantado universitario, contribuíndo ao seu desenvolvemento profesional e facilitando a súa futura inserción no mercado laboral. O Concello, pola súa parte, poderá contar co apoio de persoas en formación en diversas áreas de xestión local.

VISTOS:

- O Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a FEGAMP.
- O Anexo II do convenio, que regula a adhesión das entidades locais.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Aprobado a adhesión do Concello de Silleda ao *Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a FEGAMP* para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da UDC, que figura como Anexo.
- 2.- Autorizar á persoa que ocupa a Alcaldía para asinar os documentos necesarios para a adhesión e realizar cantas actuacións sexan necesarias para formalizar dita adhesión.
- 3.- Designar como departamentos do Concello nos que se poderán realizar as prácticas os seguintes:
 - Urbanismo
 - Transición Ecolóxica
 - Reto Demográfico
- 4.- Indicar que non se establecen períodos preferentes para a realización das prácticas.

“ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UDC NAS ENTIDADES LOCAIS ASOCIADAS Á FEGAMP.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha especial énfase na realización por parte do alumnado universitario de prácticas externas en entidades públicas e privadas, nacionais ou internacionais desde a consciencia de que unha combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral ao capacitalo para a súa futura inserción no mercado laboral.

Por este motivo,

COMPARECEN

Por unha banda, D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J, que actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o art.36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG nº 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG nº 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra D. Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante Fegamp), CIF V15160963 e sede na rúa de Varsovia, 4C, 6º andar, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro, letra b) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 15 de novembro do 2023.

As dúas entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) ao abeiro do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018, o 4 de xuño de 2019 e o 3 de novembro de 2022 de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (a partir de agora, a UDC) faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos por FEGAMP ou dos concellos e deputacións que se adheriren a este convenio. (a partir de agora, a Entidade local colaboradora).

SEGUNDA. Persoas beneficiarias e requisitos

Poderán ser beneficiarios deste convenio os seguintes tipos de alumnado:

- a) O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.*
- b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.*

O alumnado beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Nas prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación.*
- b) Canto ás prácticas extracurriculares, o alumnado deberá cumprir estas condicións:*
 - Estar matriculado na ensinanza á cal se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que se adquiriran.*
 - Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos*

os créditos de formación básica. No caso de alumnado de mestrado a porcentaxe anterior será do 25%. No caso doutros programas formativos o/a alumno/a terá que estar matriculado/a no programa de que se trate.

– Non superar a duración en horas establecida no art. 14 do Regulamento de prácticas curriculares e extracurriculares da UDC no mesmo ano académico. De existiren vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda en que poderá participar o alumnado que superase estas horas.

– Estar matriculado de forma oficial (matrícula ordinaria) segundo o procedemento establecido pola UDC.

Non poderá ser beneficiario destas prácticas o alumnado que manteña algunha relación contractual coa Entidade local colaboradora, agás no caso das prácticas curriculares sempre e cando se conte coa autorización do/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes, logo do informe da Comisión de Prácticas da UDC.

TERCEIRA. Oferta de prazas de prácticas

A FEGAMP divulgará entre os concellos e deputacións galegas a existencia deste convenio a fin que aqueles e estas oferten prazas de prácticas ao alumnado das titulacións da UDC.

A oferta de prazas de prácticas nas entidades locais realizarase mediante a adhesión das mesmas a este convenio e o compromiso de respectar as súas cláusulas, a través do modelo incluído no anexo II. As ofertas recibidas trasladaranse aos centros, escolas e facultades correspondentes ás titulacións impartidas na UDC.

Os centros, facultades e escolas da UDC asignarán estas prazas de conformidade co disposto no Regulamento de prácticas académicas externas da UDC.

CUARTA. Duración, calendario e horario

a) As prácticas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente e levaranse a cabo de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.

b) A suma de prácticas académicas curriculares e extracurriculares non debe superar as 750 horas no mesmo ano académico.

c) Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da Entidade local colaboradora. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.

d) Excepcionalmente, nos casos en que o alumnado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizarse unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias e sempre coa autorización da persoa titular académica.

QUINTA. Dereitos e deberes do alumnado

1. Durante a realización das prácticas, o alumnado terá os dereitos recollidos na normativa de prácticas vixente e, nomeadamente, os seguintes:

- a) Á titoría, durante o período de duración da correspondente práctica, por un/ha titor/a da universidade e por un/ha profesional da Entidade local colaboradora.
- b) Á avaliación, de acordo cos criterios establecidos pola Universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da Entidade local colaboradora, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e o seu rendemento.
- d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da Entidade local colaboradora en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, tras a comunicación con antelación suficiente á Entidade local colaboradora.
- f) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- g) A recibir, por parte da Entidade local colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- h) A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso do alumnado con discapacidade á titoría, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- j) Desfrutar dos permisos recoñecidos na legalidade vixente.

2. Durante a realización das prácticas, o alumnado terá os seguintes deberes:

- a) Cumprir a normativa de prácticas externas da Universidade.
- b) Efectuar con dilixencia as actividades que a Entidade local colaboradora lle encomende dentro do proxecto formativo, seguindo as indicacións do/a titor/a asignado pola Entidade local colaboradora baixo a supervisión do titor/a académico/a da Universidade.
- c) Manter contacto co/a titor/a académico/a e comunicarlle calquera incidente que puidese xurdir.
- d) Incorporarse á Entidade local colaboradora na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas e o funcionamento, a seguridade e a prevención de riscos laborais da Entidade local colaboradora.
- e) Gardar unha absoluta confidencialidade en relación coa información interna da Entidade local colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades durante a estancia e unha vez que esta finalice e evitar facer uso dos datos ou documentos manexados, excepto coa autorización expresa da Entidade local colaboradora.
- f) Elaborar a memoria final de prácticas, en que constará, cando menos, a seguinte información:
 - Datos persoais.
 - Entidade local colaboradora en que levou a cabo as prácticas e onde está situada.
 - Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas na Entidade local colaboradora, con indicación do(s) departamento(s) en que se realizaron.
 - Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos seus estudos universitarios.
 - Relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para os resolver.
 - Contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
 - Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
 - Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do alumnado.
- h) Calquera outro deber previsto na normativa vixente

SEXTA. Dereitos e deberes da Entidade local colaboradora

1. A Entidade terá dereito a:

- a) o recoñecemento efectivo da súa función, que se expresará nun documento acreditativo emitido pola Universidade;*
- b) que se respecte, antes, durante e despois das prácticas, a confidencialidade dos datos tratados a propósito das prácticas;*
- c) que as prácticas non interfiran no normal desenvolvemento das tarefas propias da Entidade local colaboradora;*
- d) interromper a realización das prácticas se o alumnado incumpre os seus deberes, tras a comunicación ao/a tutor/a académico/a.*

2. A Entidade comprométese a:

- a) non cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo;*
- b) designar un/ha tutor/a de prácticas entre as persoas vinculadas á Entidade local colaboradora, que se coordinará co/a tutor/a académico/a;*
- c) garantir que o/a tutor/a de prácticas cumpre cos seus deberes;*
- d) garantir que as tarefas realizadas polo alumnado estean relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica;*
- e) expedir un certificado acreditativo da realización das prácticas para o alumnado.*
- f) A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso do alumnado con discapacidade á titoría, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.*

SÉTIMA. A titoría

- 1. O alumnado en prácticas disporá dunha titoría académica e outra profesional.*
- 2. A persoa que exerza como titora académica será designada entre o seu profesorado polo centro da UDC en que curse os seus estudos, mentres que a que exerza como titora profesional, con competencias profesionais na área, será designada pola Entidade local colaboradora asociada á FEGAMP.*
- 3. As persoas titoras académica e profesional supervisarán as funcións que o alumnado leve a cabo durante as súas prácticas, asistirano no que for necesario e avaliarán o seu aproveitamento das prácticas, coordinando entre elas o desenvolvemento do proxecto formativo.*
- 4. As persoas titoras poderán obter da UDC o recoñecemento da súa actividade, de conformidade coa normativa de aplicación.*
- 5. As persoas titoras deberán cumprir as obrigas previstas no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC e, nomeadamente, as que se recollen nos parágrafos seguintes.*
- 6. Correspóndelle á persoa titora académica:*

- a) velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, así como garantir a compatibilidade de horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do alumnado;*
- b) realizar un seguimento efectivo das prácticas en coordinación co/a tutor/a profesional;*
- c) autorizar, logo da comunicación ao centro e co seu visto e prace, no caso de prácticas curriculares, as modificacións que se poidan propoñer no proxecto formativo;*
- d) avaliar as prácticas desenvolvidas polo alumnado, segundo o procedemento establecido no centro.*

7. Correspóndelle á persoa titora profesional:

- a) acoller o alumnado e proporcionarlle os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas;
- b) informar o alumnado da organización e o funcionamento da Entidade local colaboradora e da normativa de interese relativa á seguridade e prevención de riscos laborais;
- c) gardar, antes, durante e despois das prácticas, a confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titor/a;
- d) emitir o informe final das prácticas de cada alumno/a, segundo o procedemento e o modelo establecido pola Universidade, en que deberán constar os seguintes aspectos:

- Capacidade técnica;
- Capacidade de aprendizaxe;
- Administración e a organización dos traballos;
- Habilidades de comunicación oral e escrita (no caso do alumnado con discapacidade e dificultades de expresión oral é preciso indicar o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano);
- Sentido da responsabilidade;
- Facilitade de adaptación;
- Creatividade e a iniciativa;
- Implicación persoal;
- Motivación;
- Receptividade ás críticas;
- Puntualidade;
- Relación coa contorna laboral;
- Capacidade de traballo en equipo;
- Competencias previstas no proxecto formativo, no caso das prácticas curriculares.

OITAVA. Relación entre a Entidade local colaboradora e o alumnado en prácticas

1. A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral entre o alumnado e a Entidade local colaboradora, que non poderán subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación recollidas na normativa laboral.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade local colaboradora ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

2. A realización das prácticas non implica dotación económica obrigatoria por parte da Entidade local colaboradora, aínda que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

3. A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas rexeráse polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto – lei 2/2023, do 16 de marzo, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En relación coas obrigas recollidas ao abeiro da devandita disposición adicional, o alumnado que realice prácticas académicas externas incluídas en programas de formación quedan asimilados a traballadores/as por conta allea no réxime xeral. En relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social:

a) No caso das prácticas externas remuneradas, a responsabilidade da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado (é dicir, de levar a cabo as altas e as baixas da cotización e de solicitarlle á TXSS un código de conta de cotización especial) será da empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan as prácticas ou, no caso de programas específicos, das entidades que financien ou xestionen o programa de formación.

b) No caso das prácticas externas curriculares de grao, mestrado e títulos propios non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral da Universidade da Coruña.

NOVENA. Seguro escolar

1. O alumnado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. O alumnado maior de 28 anos deberá contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes, que tamén poderá ser contratado polo resto do alumnado. A maiores, a Entidade poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para o/a alumno/a.

2. No caso de prácticas no estranxeiro é imprescindible asinar unha póliza de seguro para o período de prácticas que cubra, como mínimo, os riscos sanitarios e de accidentes que inclúa a repatriación. Os gastos da dita póliza correrán a cargo do alumnado.

3. A responsabilidade civil por danos a terceiros en que eventualmente se puidese incurrir, quedará cuberta pola póliza que a UDC ten subscrita para os efectos.

DÉCIMA. Formalización das prácticas e remisión ao anexo

1. Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio que corresponda, de acordo co modelo adxunto no Anexo I. En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do/a alumno/a; o lugar en que terán lugar as prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas do/a alumno/a; a posible bolsa ou axuda ao estudo que percibirá e o tipo de seguro que lle dará cobertura.

2. Os anexos serán asinados polo alumnado adxudicatario, unha persoa representante da Entidade local colaboradora e outra representante do centro en que se impartan os seus estudos ou da titulación que curse.

3. En caso de incumprimento, a Entidade local colaboradora poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

4. O recoñecemento académico das prácticas externas extracurriculares realizarase de acordo coas normas e os procedementos establecidos pola UDC, e incorporarase ao suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA. Protección de datos

1. As partes comprométese a cumprir o que establecen o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que

atinxe ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa nesta materia.

Para estes efectos, as partes asumen o seu deber de confidencialidade e segredo profesional, así como o deber de garantir a seguridade dos datos obtidos en virtude deste convenio, que serán tratados para a finalidade propia deste acordo.

2. As persoas interesadas poderán solicitar información adicional e exercer os seus dereitos en materia de protección de datos persoais ante as asinantes para o que se deben dirixir a:

Universidade da Coruña:

Enderezo: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña

Correo electrónico: <rpd@udc.es> ou <dpd@udc.es>

Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

Enderezo: rúa Varsovia, portal 4 C, 6º andar, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña). Correo electrónico: dpd@fegamp.gal

3. As partes obríganse a lles facilitar esta mesma información ás persoas cuxos datos se poidan chegar a comunicar no marco deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.

*Constitúese unha Comisión Mixta Paritaria para o seguimento deste convenio, formada pola persoa que exerce o cargo de vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes da UDC, ou a persoa en quen delegue, e pola persoa designada **pola FEGAMP**, ou a persoa en quen delegue.*

A dita comisión encargárase da vixilancia e o seguimento do cumprimento do convenio e da resolución das dúbidas e os conflitos que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. Consecuencias por incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos polas partes

En caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos firmantes do convenio, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 30 días naturais coas obrigas e compromisos incumplidos.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira no incumprimento, a parte que odixiu notificará á outra a concorrencia da causa de resolución e poderá entenderse resolto o convenio. A resolución do convenio non dará lugar a indemnización algunha.

DÉCIMO CUARTA. Réxime xurídico e resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdan a respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo, as partes someteranse aos xulgados ou tribunais da xurisdición contencioso-administrativa da Coruña.

DÉCIMO QUINTA. Vixencia e duración

1. Este convenio entrará en vigor no momento da sinatura, por tanto, quedan sen efecto todos os convenios anteriores subscritos no marco dos programas de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

2. A duración do convenio será de catro anos. As partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

3. O convenio extinguirase anticipadamente en calquera momento por acordo das partes asinantes. Así mesmo, calquera das partes poderá denunciar este convenio, o que lle deberá comunicar á outra parte por escrito con tres meses de antelación á data en que se desexe dalo por rematado. A denuncia do convenio non afectará ás prácticas que se estean a realizar no momento de a efectuar.

En proba de conformidade, asínase este convenio, na data da sinatura electrónica.

O reitor da UDC
Ricardo José Cao Abad

O representante da FEGAMP
Alberto Varela Paz

ANEXO I

Ao convenio de colaboración con _____ Indicar nome entidade/empresa para a realización de prácticas externas.

O/a alumno/a que firma abaixo acepta para participar no programa de prácticas externas _____ Indicar se son Curriculares/Extracurriculares ____ da Indicar nome Facultade/Escola Universitaria__ da Universidade da Coruña ao abeiro do convenio de cooperación educativa con _____ Indicar nome entidade/empresa__, con CIF _____ e declara coñecer e aceptar as normas establecidas no devandito convenio.

DATOS DO/DA ALUMNO/A

NOME E APELIDOS:			
DNI:	DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
TELÉFONO1:	TÉLÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:	
TITULACIÓN:			

DATOS DA ENTIDADE/EMPRESA

NOME E APELIDOS: ----- Nome e apelidos persoa contacto entidade/empresa -----			
DNI:	DIRECCIÓN: ----- Dirección da entidade/empresa -----		
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
TELÉFONO1:	TÉLÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:	

DATOS DA PRÁCTICA

DIRECCIÓN LUGAR DE PRÁCTICAS: ----- Indicar dirección lugar de prácticas -----			
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
DATA INICIO DA PRÁCTICA: ---dd/mm/aaaa---	DATA FIN DA PRÁCTICA: ---dd/mm/aaaa---	Nº HORAS:	CRÉDITOS ECTS:
HORARIO ¹ :	BOLSA OU AXUDA ² : SI o NO	CONTÍA €/MES: cantidad	Forma pagamento: Conta bancaria

PERSOAS TITORAS

TITOR/A DA ENTIDADE: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas entidade/empresa -----
TITOR/A DA UDC: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas UDC -----

¹ Concretar o horario de inicio e fin das prácticas en formato HH:MM tanto se se trata dun horario en xornada continua como nun de xornada partida. No caso de que o horario varíe segundo os días da semana é necesario indicar a dita variación.

² Bolsa ou axuda de estudos (de ser o caso) que a empresa lle concederá ao alumno ou alumna e forma na que será satisfeita (no caso de ser remunerada deberá cumprir coas obrigas recollidas na normativa tributaria e de cotización á Seguridade Social).

PROXECTO FORMATIVO

Descrición das tarefas ou actividades formativas relacionadas cos seus estudos que realizará o/a alumno/a
Coñecementos específicos que deberá posuír o/a alumno/a antes de realizar as prácticas
Formación e competencias que adquirirá o/a alumno/a cando remate as prácticas
Forma prevista para o seguimento, orientación e avaliación do/da alumno/a durante as prácticas

O/a alumno/a que firma abaixo declara a súa conformidade para realizar prácticas, ao abeiro do nomeado convenio que se atén á lexislación vixente. Así mesmo, comprométese a manter a máis estrita obriga de confidencialidade sobre toda a información á que poida ter acceso, como consecuencia da realización das prácticas obxecto do presente convenio e deberá dar o seu consentimento asinando o

documento de **información sobre protección de datos persoais para o alumnado de prácticas externas da UDC** que forma parte do trámite de xestión destas prácticas.

En proba de conformidade asinan este documento por triplicado,

A Coruña, día , de mes ,de ano ____

Titor/a da entidade ou empresa	Estudiante	Titor/a da UDC
Ado.:Nome e apelidos titor/a entidade Cargo: Posto que ocupa na empresa	Ado.:Nome e apelidos estudante	Ado.: Nome e apelidos titor/a UDC Cargo:Posto que ocupa na UDC

NOTA. Este anexo cubrirase por triplicado: 1 exemplar para o centro, 1 exemplar para a entidade ou empresa e 1 exemplar para o alumno ou alumna

SR./SRA. DECANO/A, DIRECTOR/A DA FACULTADE/ESCOLA DE__Indica nome Facultade ou Escola Universitaria onde cursa estudos DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA (UDC) E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DOS ESTUDANTES DA UDC NAS ENTIDADES ASOCIADAS Á FEGAMP.

Dona Paula M^a Fernández Pena , Alcaldesa do Concello de Silleda

Manifesta a adhesión do Concello de Silleda, así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas do estudiantado da UDC

Departamentos onde poderán realizar prácticas os estudantes
(e número de prazas)

- Urbanismo
- Transición Ecolóxica
- Reto Demográfico

Non se establece un número determinado de prazas, xa que estas poderán variar en función das circunstancias de cada momento.

Períodos preferentes para a realización das prácticas

Non se establecen períodos preferentes.

En Silleda na data da sinatura dixital.

Expediente 1138/2025. CONVENIO SOBRE A MEDICIÓN DE RADÓN NOS POSTOS DE TRABAJO MUNICIPAIS.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES

O pasado 1 de maio de 2025 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) unha nova instrución pola que se establece a obrigatoriedade de realizar medicións do gas radón nos postos de traballo situados en municipios clasificados como de tipo II. Esta clasificación abrangue a totalidade dos concellos galegos, polo que a dita obrigatoriedade resulta de aplicación a este Concello.

Neste contexto, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, asinou no ano 2024 un convenio co Laboratorio de Radón de Galicia, entidade sen ánimo de lucro e acreditada pola ENAC, para facilitar ás entidades locais a realización destas medicións en condicións técnicas e económicas adecuadas.

Á vista do anterior, e co obxectivo de garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de saúde laboral e protección fronte ao gas radón, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Dar cumprimento á obrigatoriedade de medición do gas radón nos postos de traballo municipais deste Concello, conforme á normativa estatal, a partir do 1 de outubro de 2025.

SEGUNDO: Adherirse ao convenio de colaboración entre a FEGAMP e a Universidade de Santiago de Compostela, solicitando expresamente a participación do Laboratorio de Radón de Galicia, a través do correo electrónico laboratorioradon.galicia@usc.gal ou mediante a súa páxina web www.radon.gal.

TERCEIRO: Solicitar ao Laboratorio de Radón de Galicia a subministración de 21 detectores, que se distribuirán nos seguintes espazos municipais:

- 6 detectores para a planta baixa do edificio principal do Concello.
- 2 detectores para a Casa da Xuventude / Biblioteca.
- 2 detectores para a Escola de Música.
- 3 detectores para o edificio municipal de Vista Alegre.
- 6 detectores para o edificio do Viveiro de Empresas.
- 1 detector para o Pavillón Municipal César Fares.
- 1 detector para o Auditorio Manuel Dopazo en Bandeira.

CUARTO: Designar como persoa de contacto para a tramitación e coordinación do procedemento a Susana Framiñán Ramos, co correo electrónico susana.framinan@silleda.es e teléfono 986 580 000. Establécese como dirección para o envío dos detectores a seguinte: Casa do Concello, Rúa Progreso nº 41, Silleda.

QUINTO: Autorizar á persoa que ocupa a Alcaldía para asinar os documentos necesarios para a adhesión e realizar cantas actuacións sexan necesarias para formalizar dita adhesión.

SEXTO: Dar traslado desta proposta e da correspondente resolución da Alcaldía aos departamentos municipais afectados, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

“ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS RELATIVO Á MEDICIÓN DE GAS RADÓN EN POSTOS DE TRABALLO DOS MUNICIPIOS DE GALICIA

En Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

D. Antonio López Díaz, en calidade de Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela**, con sede no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela e con CIF Q1518001A.

D. Alberto Varela Paz, na súa condición de **Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias** (de aquí en diante FEGAMP), con NIF n.º V15160963, actuando en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Universidade de Santiago de Compostela leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico co obxectivo fundamental de fomentar a xeración de coñecemento e mellorar o benestar da poboación galega.

Segundo.- Que o Laboratorio de Radon de Galicia, encadrado dentro do grupo de Investigación GI-1956 “Epidemioloxía, Saúde Pública e Avaliación de Servizos de Saúde”, pertence á Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública, da Facultade de Medicina da USC e foi creado no ano 2005.

Terceiro.- Que o mencionado Laboratorio é de referencia a nivel internacional, participando na elaboración do documento de referencia da Organización Mundial da Saúde, no artigo máis citado sobre radón residencial e cancro de pulmón, e publicando máis de 80 artigos en revistas científicas con factor de impacto. Neste Laboratorio dirixíronse numerosas teses de doutoramento sobre o tema, dúas con premio extraordinario de doutoramento, e recibiu numerosos premios de investigación. Asemade, o Laboratorio mantén o Mapa de Radon de Galicia na súa páxina web www.radon.gal), que inclúe máis de 6.000 medicións de radon en vivendas galegas. Este Laboratorio tamén participou no Mapa de Radón de España por encargo do Consejo de Seguridad Nuclear.

Cuarto.- O Laboratorio de Radón de Galicia foi acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC)

para a medición de radon en aire en 2019. Foi o segundo Laboratorio Acreditado pola técnica de trazas e o primeiro acreditado en España para a medición de radon en continuo. Así mesmo, está rexistrado como Laboratorio de Ensaio do rexistro RELAGA, do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Polo tanto, cumpre todos os requirimentos legais para medir radon tanto en vivendas como en lugares de traballo. O Laboratorio de Radon de Galicia xa fixo medicións de radon interior en postos de traballo en numerosos concellos galegos, o primeiro no ano 2005 (Allariz, Ames, Vigo, A Pobra do Caramiñal, O Carballiño, etc). Tamén está a facer ou fixo mapas específicos de radon para a veciñanza (Teo, Maside e A Estrada, en execución). O Laboratorio non ten ánimo de lucro.

Quinto.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten entre os seus fins promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme o disposto no artigo 6.1, letra b) dos seus Estatutos.

Sexto.- Que a exposición a radon en espazos interiores é un problema coñecido en Galicia, que afecta a todo o seu territorio, tal e como recolle a autoridade de protección radiolóxica (Consejo de Seguridad Nuclear) e que en ocasións son necesarias intervencións que permitan reducir tal exposición, tanto no ámbito residencial coma no ámbito laboral.

Sétimo.- Que a exposición a radon debe medirse seguindo as recomendacións legais vixentes tanto no Código Técnico de Edificación (Real Decreto 732/2019, de 20 de decembro de 2019), coma na Directiva Europea (DIRECTIVA 2013/59/EURATOM) pola que se establecen normas de seguridade básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes. Ámbolos dous documentos establecen os requisitos técnicos que deben cumprir os laboratorios que midan radon.

Oitavo.- Que o Real Decreto 1029/2022, de 20 de decembro polo que se aproba o regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes establece que haberá municipios, denominados de zona II, onde é obrigatorio medir o radon en postos de traballo situados en planta baixa e baixo rasante. Isto afecta a case todos os municipios galegos que deberán medir o gas nas dependencias destas características onde haxa presenza de traballadores.

Tendo en conta o anterior, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Universidade de Santiago de Compostela manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre o Laboratorio de Radón de Galicia, da Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Medicina), e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a medición de radon interior nos postos de traballo situados nas administración locais de Galicia interesadas en coñecer a exposición a radon dos traballadores e tomar as medidas oportunas de ser o caso.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

Coa fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, todas as partes terán a obriga de colaborar activamente para a consecución do seu obxecto. Polo tanto, os compromisos adquiridos polas

partes serán:

a. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

- Manter a acreditación do Laboratorio de Radon de Galicia e aqueles requisitos que o sitúen coma entidade con capacidade de dar medicións de radon de acordo coa lexislación vixente.

- Facilitar a interlocución entre o Laboratorio de Radón de Galicia e os concellos interesados na medición de radon para: establecer contacto co laboratorio, facer as tarefas de medición de radon en postos de traballo en tempo e forma e proporcionar os resultados correspondentes aos concellos galegos que desexen facer estas medicións co Laboratorio.

- Proporcionar a posibilidade de facer descontos no prezo das medición de radón aos Concellos que desexen acollerse a este convenio por debaixo do prezo comercial habitual. O Laboratorio de Radón de Galicia non é unha entidade con ánimo de lucro.

b. Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias

A Federación Galega de Municipios e Provincias colaborará cos seus medios materiais e persoais activamente para a consecución do obxecto do presente convenio e a tal fin asume como obrigas as seguintes:

- Difundir entre os concellos a relevancia do gas radon en Galicia como posible carcinóxeno que pode estar presente nalgúns postos de traballo dos Concellos de Galicia.

- Enfatizar a importancia cumprir os requisitos legais de medición de radon, tal e como especifica a normativa laboral actual (Instrución IS-33 do CSN) e o Código Técnico de Edificación (Real Decreto 732/2019, de 20 de decembro de 2019), e RD 1029/2022 que son: Acreditación do Laboratorio correspondente e ademais ter presentado a declaración responsable como laboratorio de ensaio para o control da calidade da edificación ante o órgano competente da comunidade autónoma. Ambos requisitos cúmprense polo Laboratorio de Radón de Galicia.

- Difundir a existencia deste convenio e promover a súa execución entre as entidades locais de Galicia, coas actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio.

- Informar da recomendación da medición de radon nos postos de traballo dos Concellos galegos. Os Concellos que desexen acollerse a este Convenio se comunicarán coa FEGAMP que á súa vez o comunicará ó Laboratorio de Radón de Galicia.

- Facilitar o desenvolvemento do Mapa de Radon de Galicia, por parte do Laboratorio de Radon de Galicia, a través desta colaboración coas administración locais.

TERCEIRA.- Financiamento

O presente convenio non comporta obrigas económicas para as partes asinantes.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da USC e dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento, e reunirse en todas as ocasións que se estimen oportunas.

A presidencia e a secretaría da Comisión terán carácter rotatorio anual. No primeiro ano de vixencia do convenio a presidencia será ocupada por un dos representantes da FEGAMP, mentres que a secretaría será exercida por un dos representantes da USC. A presidencia da Comisión terá voto de calidade.

QUINTA.- Causas de resolución do convenio de colaboración

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Así mesmo, poderá resolverse por denuncia unilateral dalgunha das partes, previa comunicación ás outras partes cun mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento do obxectivo perseguido*
- b) Incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas*
- c) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o obxecto do presente convenio.*
- d) Imposibilidade material de executar o obxecto do Convenio por circunstancias excepcionais, que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.*

SEXTA.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Protocolos da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Protocolos da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SÉTIMA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a USC ou FEGAMP, de tal modo que non se poderá esixir a estas responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos que teñan lugar durante o desenvolvemento do convenio.

OITAVA. - Protección de datos

O tratamento dos datos persoais que precisen as partes que asinan o presente Convenio, suxeitarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento Europeo 2016/679 de 27 de abril e as normas que as desenvolven.

NOVENA.- Desenvolvemento

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo, nas que se determinarán as concretas actuación a realizar e, de ser o caso, os créditos destinados a finais.

DÉCIMA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso das partes por períodos de seis meses ata un máximo de catro anualidades.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

Mediante a sinatura do presente Convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio e non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio mediante sinatura dixital.

*Alberto Varela Paz
Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias
Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela"*

Expediente 1016/2025. Contratacións. REFORMA E ACONDICIONAMIENTO DO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A necesidade do presente contrato deriva do deterioro dos espazos ós que fai referencia o propio proxecto de obra.

Trátase dunha edificación destinada na actualidade a “*local social*” da parroquia, executada no ano 1.921 trátase dunha Edificación Tradicional, tanto en aplicación do artigo 40 da Lei do Chan de Galicia como no seu propio carácter. Esta desenvólvese en planta baixa e está executada en muro de cachotería de pedra tradicional, asentada sobre un basamento ou zócalo de pedra graduado que xera chanzos ou desniveis con respecto ao pavimento exterior (facéndoa inaccesible a usuarios en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida), e cuberta inclinada con acabado en tella.

O espazo presenta acabados deteriorados ou afectados polo transcurso do tempo, así como diversas manchas por humidade ao longo da súa fachada oeste (parcialmente enterrada e sen impermeabilización ou drenaxe exterior) orixinadas por filtración de auga de choiva a través do terreo cara aos muros. A sala principal como equipamento con diversas mesas e cadeiras, unha barra con senllas neveiras, unha cheminea, unha grella e/o cheminea e unha estufa de pellets. O aseo existente presenta, así mesmo, un deficiente estado de conservación con desprendemento de pintura e manchas orixinadas pola humidade. A cociña conta cun equipamento básico consistente en grella, vertedoiro e un pequeno mesado.

Con todo, trátase dun local moi frecuentado polos veciños da zona, así como doutras limitrofes. Sendo, por tanto, un espazo moi concorrido que necesita de máis aforo, así como melloras en canto ao acondicionamento interior, de salubridade e accesibilidade, para poder desenvolver en condicións de confort as diferentes actividades que nel levan a cabo.

En paralelo, existe en posición de proximidade outra edificación, tamén “Tradicional” en aplicación do artigo 40 da LSG, executada no ano 1.963, de estética racionalista, e destinada en orixe a sede da antiga escola e casa dos mestres. Esta desenvólvese en dúas plantas, con estrutura de formigón e muros de carga de ladrillo ordenada en catro vans perfectamente lexibles e cuberta terminada con tella plana que se asenta previsiblemente sobre estrutura de madeira. A composición de fachada segue, do mesmo xeito, esta liña racionalista mediante a apertura de ocos que se ordenan de forma simétrica contorna ao eixo principal, nunha composición estable e sen ornamento. Esta presenta un avanzado estado de deterioración, con numerosas gretas interiores e elementos construtivos rotos. Ao mesmo tempo a ausencia de carpintería permite o acceso directo.

Vista a Resolución de concesión de subvención ao concello de Silleda ao abeiro do plan +provincia 2025 liña 1-investmentos, co obxecto do financiamento do investimento “*reforma y acondicionamiento local social de saídres demolición de edificación y urbanización del espacio exterior*”(expte.2025018962)

Visto o proxecto redactado pola arquitecta Marlene Pérez Sánchez denominado *REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO DEL LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR* por importe de 69.033,56€ (IVE INCLUIDO).

Visto o informe positivo de supervisión de supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 da LCSP, que consta no expediente.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención.

Visto o informe técnico, de data 27/03/2025, no que se conclúe que non se precisan autorizacións sectoriais.

Vista a resolución de inicio do expediente de contratación.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 14 de xullo de 2025.

Visto o informe de intervención asinado o 15 de xullo de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, **“REFORMA E ACONDICIONAMIENTO DO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR”** por importe de 69.033,56 euros (57.052,53 euros de valor estimado do contrato máis 11.981,03 euros de IVE).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 933-629 proxecto 2025-15, do Orzamento do Concello para o 2025.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 20 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 1187/2025. Instrucción de documentación para instalación de inchables, atraccións e casetas.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de establecer unha instrucción de documentación para a instalación de inchables, casetas e atraccións nas festas de Bandeira 2025.

Visto o modelo de instrucción facilitado por AUCATEL que se presenta a continuación e unha vez

acordados coa empresa os prazos: **INSTRUCCIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE INCHABLES, CASETAS E ATRACCIÓNS NAS FESTAS DA BANDEIRA 2025**

1. Obxecto

Aclarar e organizar, de xeito efectivo, a documentación que deben presentar as persoas interesadas en obter autorización municipal para instalar atraccións e/ou inchables e casetas durante as Festas da Bandeira 2025, que se celebrarán entre os días 21 e 24 de agosto.

2. Normativa aplicable.

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

3. Documentación administrativa Xeral.

- Solicitud mediante **declaración responsable** coa descrición do tipo de atracción/inchable/caseta, indicando o nome comercial, as dimensións, o consumo eléctrico e Indicación do lugar e días para os que se solicita a instalación da atracción
- **Copia do DNI/NIE/CIF do solicitante** e, de ser o caso, do representante, xunto coa acreditación da representación.
- **Informe de cotización** de traballo autónomo ou documento acreditativo da alta no IAE e certificado de non ter débedas coa Seguridade Social
- **Xustificante de estar ao corrente** de pagamento **con Facenda e ATRIGA**.
- **Seguro de responsabilidade civil** cun capital mínimo de 150.000 € por atracción/inchable/caseta e último recibo de pago ou certificación da aseguradora cos extremos esixidos.

4. Documentación técnica específica (atraccións, inchables e casetas)

- Proxecto de actividade que defina as actuacións a desenvolver e que inclúa (só para

atraccións e inchables):

a) **Memoria técnica** cos datos básicos de identificación da atracción (modelo, fabricante, nº de serie, etc.), parámetros de uso, datos eléctricos, tolerancias admisibles (peso, altura, inclinación, vento, carga do terreo) e puntos de control. Debe indicarse se se trata dunha atracción transferida e/ou sen documentación orixinal.

b) **Manual de funcionamento** con instrucións comprensibles (galego ou castelán) sobre montaxe, funcionamento e mantemento, cos requirimentos de cualificación do persoal de montaxe, funcionamento e mantemento conforme ao art. 5.2.1 de la UNE-EN 13814-1.

c) **Libro de operacións completo**, do fabricante ou elaborado por técnico competente (o achegado está asinado polo titular e apenas cuberto), co historial técnico do dispositivo (mantementos, reparacións, avarías, accidentes) e os rexistros de ensaios e inspeccións, incluídos END, segundo o apartado 5.7 da UNE-EN 13814-1:2020+A1:2025.

- **Certificado de revisión anual dos elementos mecánicos , estruturais e sistemas da atracción, asinado por técnico competente**. Se se trata dunha atracción transferida ou adquirida sen documentación técnica completa nin acreditación da inspección inicial conforme á UNE-EN 13814-3 (apartado 4.1.3.3), o certificado de revisión anual deberá incluír probas funcionais, verificacións dimensionais e ensaios non destrutivos (END) e ser emitido por unha entidade de inspección acreditada conforme a EN ISO/IEC 17020.

- **Designación da persoa responsable técnica do montaxe da instalación**. Para as casetas o certificado de montaxe deberá estar asinado pola persoa responsable da súa realización.

- **Contrato en vigor de equipos de extinción** de incendios.

- **Certificado de Instalación Eléctrica** de Baixa Tensión (boletín), selado por instalador autorizado, correspondente ao cadro eléctrico.

- **Carpas**: se existen, cumprir coa Norma UNE-EN 13782:2016 (Seguridade de estruturas temporais).

- **Inchables: Certificado** de conformidade coa UNE EN 14960.

- **Atraccións montadas sobre vehículos**: achegar copia do último recibo de seguro e ficha de ITV.

5. Prazo de presentación de solicitudes e proceso de autorización administrativa

- **Prazo de presentación: ata as 10:00 h do 30 de xullo de 2025**, mediante sede

electrónica ou Rexistro Xeral. As solicitudes presentadas de forma posterior serán consideradas fora de prazo.

- Comprobación inicial. O **5 de agosto** emitirase o **requirimento de emenda**.

- **Prazo subsanacións: Ata ás 10:00h do 12 de agosto** (5 días hábiles) para achegar a documentación requirida. Prazo abreviado por razóns de interese público (axilidade para garantir a seguridade das atraccións e cumprir o calendario festivo).

- **Resolución provisional: o 18 de agosto de 2025** a Alcaldía ou concellaría delegada ditará resolución coas atraccións autorizadas provisionalmente para a súa instalación.

6. Inspección in situ e autorización definitiva

- A inspección in situ realizarase o **20 de agosto de 2025**, unha vez instaladas as atraccións.

- Só se inspeccionarán aquelas instalacións que contén con autorización provisional.

- Para obter a autorización definitiva de funcionamento deberán:

- * Presentar o certificado de montaxe asinado por técnico competente.
- * Resultar favorables na inspección municipal (verificación de medidas de seguridade e solidez).

- A autorización definitiva notificarase por sede electrónica ou por outros medios indicados; só a partir dese momento poderá iniciarse a actividade.

Importante: Ningunha atracción poderá entrar en funcionamento sen contar coa validación técnica favorable da ECCOM.

Recordatorio: As atraccións que tiveran faltas leves non subsanadas nas Festas de Silleda 2025, pasarán a ser graves, coa valoración desfavorable da ECCOM.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o modelo de instrucción de documentación para a instalación de inchables, casetas e atraccións nas festas de Bandeira 2025.

SEGUNDO: Comunicar aos interesados dita instrucción.

Expediente 102/2025. Licenza ou Autorización Urbanística. Segregación Parcela

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES DE FEITO

Remítimonos ós antecedentes que se recollen no expediente administrativo que obra neste Concello (Expediente nº 102/2025), así,

PRIMEIRO.- Consta no expediente que o día 15 de xaneiro de 2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-62), o representante do solicitante presenta instancia xeral solicitando certificado de innecesariedade de licenza municipal para a segregación de parcela. Achega ca solicitude:

- Memoria de **“División de parcela”**, elaborada pola arquitecta D^a. Natalia Campos Ferro, con data de sinatura dixital 13/01/2025.

SEGUNDO.- O día 20/02/2025, Dna. Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, asina providencia de alcaldía na que resolve:

“ ...

PRIMEIRO.- Ordenar aos técnicos municipais arquitecto, arquitecto técnico e servizo xurídico, que, con carácter urgente e excepcional, proceda á emisión do informe de innecesariedade de licenza para a segregación de terreos solicitado por Santiago García Sánchez en Abades, con obxecto de axilizar a formalización da compravenda da casa reitoral e permitir a reparación do muro derrubado, garantindo así a seguridade na contorna da capela

SEGUNDO.- Eximir excepcionalmente este expediente da prelación ordinaria de tramitación dos asuntos do departamento de urbanismo, dadas as circunstancias de urxencia que concorren.

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ao arquitecto municipal, aos servizos xurídicos, á Policía Local e ás partes interesadas para os efectos oportunos.

“ ...

TERCEIRO.- O día 12/03/2025 o arquitecto técnico municipal, Elías González Roma, emite informe de requirimento en relación a solicitude presentada. Este requirimento foi remitido ao interesado e o seu representante o día 12/03/2025 (registros de saída 2025-S-RE-278 e 2025-S-RE-279).

CUARTO.- O día 26/03/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-518), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:

- Nombramento de D. Rodrigo Rúa Iglesias como representante do interesado, para un período de 5 anos, con data de sinatura do 11/07/2020.
- Memoria de **“División de parcela”**, elaborada pola arquitecta D^a. Natalia Campos Ferro, con data de sinatura dixital 26/03/2025.
- Autoliquidación e xustificante de ingreso de taxa, con data 26/03/2025.

- Recibo de presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia de documentación con destino o DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DE PONTEVEDRA, número de entrada 2025/871827 e data 26/03/2025.
- Recibo de presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia de documentación con destino o DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DE PONTEVEDRA, número de entrada 2025/871827 e data 26/03/2025.

QUINTO.- O día 06/06/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-977), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:

- Borrador de **“Escritura de agregación y segregación”**
- Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre unha intervención nun ben da Igrexa. Documento asinado dixitalmente o 06/06/2025, con CVE: AMNsHAlW9M5 (<https://sede.xunta.gal/cve>).

SEXTO.- O día 10/06/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1000), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:

- Memoria de **“División de parcela”**, elaborada pola arquitecta D^a. Natalia Campos Ferro, con data de sinatura dixital 10/06/2025.
- Informe da Consellería de Medio Rural sobre a necesidade de autorización sectorial. Documento asinado dixitalmente o 01/04/2025 e 02/04/2025, con CVE: YekT2SpA92x8 (<https://sede.xunta.gal/cve>).

SÉTIMO.- O día 11/06/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1027), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:

- Resolución da Consellería de Medio Rural. Documento asinado dixitalmente o 11/06/2025, con CVE: 517YPEYnvsP9 (<https://sede.xunta.gal/cve>). Na mesma, consta:

“Conforme coa anterior proposta, resolvo autorizar a segregación do predio do acordo número 324 da zona de concentración parcelaria de Abades, de referencia catastral 36052W503003240000JS, consonte co proxecto/informe de segregación presentado e elaborado pola arquitecta Natalia Campos Ferro para a obtención da licenza municipal a nome de Diócesis de Lugo”.

OITAVO.- Consta no expediente **informe favorable** de Don Elías González Roma, arquitecto técnico municipal, que realiza o informe en virtude do establecido no **“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O CONCELLO DE CAMBADOS PARA A FINALIZACIÓN DE EXPEDIENTES TÉCNICOS INICIADOS POR ELÍAS GONZÁLEZ ROMA”** (expediente nº 1024/2025 do Concello de Silleda e expediente nº 2649/2025 do Concello de Cambados) entre os que se inclúe o presente asunto.

O informe favorable do arquitecto técnico recolle o seguinte:

Solicitante:

DIÓCESIS DE LUGO

NIF/CIF:

R2700002E

Representante:	RODRIGO RUA IGLESIAS	NIF/CIF:	34872291J
Data de rexistro:	15/01/2025	Nº rexistro:	2025-E-RE-62
Situación:	Lugar de Igrexa - Abades, Concello de Silleda (Pontevedra)		
Referencia catastral:	36052W503003240000JS	Plano PXOM:	179/193 SNR
Asunto:	Informe técnico		

Elías González Roma, arquitecto técnico municipal, atendendo o establecido no “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O CONCELLO DE CAMBADOS PARA A FINALIZACIÓN DE EXPEDIENTES TÉCNICOS INICIADOS POR ELÍAS GONZÁLEZ ROMA” (expediente nº 1024/2025 do Concello de Silleda e expediente nº 2649/2025 do Concello de Cambados) entre os que se inclúe o correspondente o presente informe, e unha vez vista a documentación que integra a solicitude de declaración de innecesariedade de licenza de segregación e demais documentación recollida no expediente nº102/2025; **informo:**

ANTECEDENTES E DOCUMENTACIÓN:

- O día 15/01/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-62), o representante do solicitante presenta instancia xeral solicitando certificado de innecesariedade de licenza municipal para a segregación de parcela. Achega ca solicitude:
- Memoria de “División de parcela”, elaborada pola arquitecta D^a. Natalia Campos Ferro, con data de sinatura dixital 13/01/2025.
- O día 20/02/2025, Dna. Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, asina providencia de alcaldía na que resolve:
“
...
PRIMEIRO.- Ordenar aos técnicos municipais arquitecto, arquitecto técnico e servizo xurídico, que, con carácter urxente e excepcional, proceda á emisión do informe de innecesariedade de licenza para a segregación de terreos solicitado por Santiago García Sánchez en Abades, con obxecto de axilizar a formalización da compravenda da casa reitoral e permitir a reparación do muro derrubado, garantindo así a seguridade na contorna da capela.
SEGUNDO.- Eximir excepcionalmente este expediente da prelación ordinaria de tramitación dos asuntos do departamento de urbanismo, dadas as circunstancias de urxencia que concorren.
TERCEIRO.- Notificar esta resolución ao arquitecto municipal, aos servizos xurídicos, á Policía Local e ás partes interesadas para os efectos oportunos.
...”
- O día 12/03/2025 o arquitecto técnico municipal, Elías González Roma, emite informe de requirimento en relación a solicitude presentada. Este requirimento foi remitido ao interesado e o seu representante o día 12/03/2025 (registros de saída 2025-S-RE-278 e 2025-S-RE-279).
- O día 26/03/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-518), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:

- *Nombramento de D. Rodrigo Rúa Iglesias como representante do interesado, para un período de 5 anos, con data de sinatura do 11/07/2020.*
- *Memoria de “División de parcela”, elaborada pola arquitecta D^a. Natalia Campos Ferro, con data de sinatura dixital 26/03/2025.*
- *Autoliquidación e xustificante de ingreso de taxa, con data 26/03/2025.*
- *Recibo de presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia de documentación con destino o DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DE PONTEVEDRA, número de entrada 2025/871827 e data 26/03/2025.*
- *Recibo de presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia de documentación con destino o DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DE PONTEVEDRA, número de entrada 2025/871827 e data 26/03/2025.*
- *O día 06/06/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-977), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:*
- *Borrador de “Escritura de agregación y segregación”*
- *Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre unha intervención nun ben da Igrexa. Documento asinado dixitalmente o 06/06/2025, con CVE: AMNsHALiW9M5 (<https://sede.xunta.gal/cve>).*
- *O día 10/06/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1000), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:*
- *Memoria de “División de parcela”, elaborada pola arquitecta D^a. Natalia Campos Ferro, con data de sinatura dixital 10/06/2025.*
- *Informe da Consellería de Medio Rural sobre a necesidade de autorización sectorial. Documento asinado dixitalmente o 01/04/2025 e 02/04/2025, con CVE: YekT2SpA92x8 (<https://sede.xunta.gal/cve>).*
- *O día 11/06/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1027), o representante do solicitante presenta para achegar o expediente os seguintes documentos:*
- *Resolución da Consellería de Medio Rural. Documento asinado dixitalmente o 11/06/2025, con CVE: 517YPEYnvsP9 (<https://sede.xunta.gal/cve>). Na mesma, consta:*
“Conforme coa anterior proposta, resolvo autorizar a segregación do predio do acordo número 324 da zona de concentración parcelaria de Abades, de referencia catastral 36052W503003240000JS, consonte co proxecto/informe de segregación presentado e elaborado pola arquitecta Natalia Campos Ferro para a obtención da licenza municipal a nome de Diócesis de Lugo”.

INFORME TECNICO:

1. Normativa de aplicación:

- **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (PXOM en adiante)**, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- **Decreto 143/2016**, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- **Decreto 83/2018**, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

2.- Réxime urbanístico da parcela de orixe:

O solo onde se pretende a división de parcela contida na memoria de referencia, está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como **solo de núcleo rural e solo rústico de especial protección**, nas seguintes categorías:

- Solo rústico de protección agropecuaria
- Solo rústico de protección das augas

O Concello de Silleda conta cun PXOM aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016 e definitivamente o 23 de decembro de 2022, con entrada en vigor o 8 de maio de 2023, polo que é de aplicación a disposición transitoria 2ª da LSG e o punto 1.c) e 1.d) da disposición transitoria 1ª da LSG. En consecuencia:

- c) Ao solo de núcleo rural e as súas áreas de expansión, se lle aplicará integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, as cales lle será de aplicación o previsto no 40 da LSG.
- d) Ao solo rústico se lle aplicará o disposto na LSG para o solo rústico.

O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para a zona de actuación contida no proxecto de referencia as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Concentración Parcelaria	ZCP Abades
Servidumes Aeronáuticas	RD 763/2017 Aproximación ao Aeroporto de Santiago
Augas de Galicia	Zona de policía e no dominio público hidráulico
Patrimonio Cultural	Igrexa de Abades (Parroquial de Santa María) / Igrexa vella de Abades Santuario dos Desamparados de Abades / Igrexa nova de Abades

3.- Control documental:

O artigo 355 do RLSG establece que as solicitudes de licenza de parcelación deberán axuntar un proxecto de parcelación suscrito por técnico competente, o cal incluirá:

Contido mínimo do Proxecto de Parcelación		
Art. 355 do RLSG: Supostos específicos	Proxecto	Observacións
2.a) Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable.	PRESENTA	
2.b) Proforma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.	PRESENTA	
2.c) Plano da situación da finca que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.	PRESENTA	Plano SIT 00
2.d) Plano parcelario da finca mencionada, a escala idónea e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos.	PRESENTA	Plano PAR 01
2.e) Superposición do plano parcelario sobre un plano de calificacións urbanísticas.	PRESENTA	Planos PAR 02 e PAR 03
2.f) Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a calificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.	PRESENTA	Planos PAR 04, PAR 05 e PAR 06

A resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.


4.- Análise da posibilidade de declaración da innecesariedade de licenza urbanística de parcelación:

Os artigos 150 da LSG e 368 do RLSG (Réxime de parcelacións e divisións de terreos) establecen o seguinte:

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, salvo que o concello declarase o seu innecesariedade. **Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:**

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) **O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.**

7. Os notarios e rexistradores da propiedade esixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa en que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade




Segundo o indicado no Anexo I do RLSG, a “**Cualificación**” defínese como: determinación coa que o plan **establece un determinado uso**, global ou pormenorizado, unha intensidade de uso ou edificabilidade ou, no seu caso, unhas condicións da edificación que definan o volume edificable, e/ou unha determinada tipoloxía edificadora, para o solo.

Tendo en conta o establecido no PXOM do Concello de Silleda, os lotes resultantes da división da parcela orixe teñen distinta clasificación ou cualificación, segundo se indica a continuación:

- **Lote nº1: Solo de núcleo rural. Equipamento. Uso relixioso.**
- **Lote nº2: Solo de núcleo rural. Núcleo rural histórico tradicional. Uso residencial.**
- **Lote nº3: Solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección das augas.**

Imaxe nº1: Superposición do plano parcelario sobre o plano do PXOM de Silleda (Plano V.10 ORDENACIÓN NÚCLEOS RURAIS; plano 179/193 AH8)




Imaxe nº2: Detalle da lenda do plano o que se fai referencia na imaxe nº1.

Imaxe nº3: Superposición do plano parcelario sobre o plano do PXOM de Silleda (Plano V.01 ORDENACIÓN MUNICIPAL; planos D3 e D4)

Imaxe nº4: Detalle da lenda do plano o que se fai referencia na imaxe nº3.

6. Conclusión:

Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previos á **declaración de innecesariedade de concesión de licenza municipal para a división de terrenos debido o outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe**, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a




Segundo o establecido no artigo 355.2 do RLSC, a resolución municipal que outorgue a **licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade**, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario e das fichas descritivas dos lotes resultantes, os cales se axuntan a continuación:

que a
cto de
les non
ultural
mentos
verse
ultural

acións
s e a

”
...

Segundo o establecido no artigo 355.2 do RLSC, a **resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade**, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario e das fichas descritivas dos lotes resultantes, os cales se axuntan a continuación:



Imaxe nº5: Plano parcelario superposto sobre o plano de Solo de Núcleo Rural do PXOM.

FICHAS DESCRITIVAS DOS LOTES RESULTANTES

	LOTE Nº.1 (PARCELA 1)	LOTE Nº.2 (PARCELA 2)	LOTE Nº.3 (PARCELA 3)
Superficie	751 m ²	6.037 m ²	17.924 m ²
Clasificación Urbanística	Solo de Núcleo Rural	Solo de Núcleo Rural	Solo Rústico
Calificación Urbanística	Equipamento	Núcleo Rural Histórico Tradicional	Protección Agraria SRPA Protección de Augas Protección Patrimonial Protección de Infraestruturas (AESAs)
Posibilidade de división	<u>Indivisible</u>	<u>Divisible</u> cumprindo as condicións de parcela mínima – 1.000m ² e fronte mínimo de parcela de 12m.	<u>Indivisible</u> Por localizarse en Solo Rústico.

Imaxe nº6: Plano parcelario superposto sobre o plano de Solo Rústico do PXOM.

O q
que

Doc

NO

Polc
na r


PRII
de
cual
cata
parc
10/0
Dire

con CVE: AMNSHAIW9M5 (<https://sede.xunta.gal/cve>):

“
...

”
...

SEGUNDO: Como recolle o artigo 355.2 do RLSG, a **resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade**, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario e das fichas descritivas dos lotes resultantes. Así se fan constar no presente acordo:



nico

lesa

sión
ou
ncia
de
xital
da
ento



Imaxe nº6: Plano parcelario superposto sobre o plano de Solo Rústico do PXOM.

TERCEIRO: Notificar este acordo ós interesados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE